

**LINGUA GALEGA**

**Texto:**

Con atención sigo o barullo que se ten montado en España con isto da Lei antitabaco que xa se nos viña anunciando moitos anos e que atrasamos en comparación con moitos veciños europeos. Todos os días parece que temos noticias deste **hostaleiro** que tivo que botar un fumador á rúa, outro que foi asaltado, etc. Primeiro, dicir que os hostaleiros son os que teñen razón para estar cabreados con isto das prohibicións, primeiro gastaron os cartos en crear zonas antitabaco nos seus locais e agora teñen que tirar co reformado só uns anos despois de gastaren os cartos. Os fumadores, pareceme a min, non teñen tanto de que queixarse.

Como ex fumadora e residente dun país onde non se fuma nin en **pubs**, nin en restaurantes nin en concertos, e a lista segue, direi que non sei a que vén tanta lea e que me parece inmillorable a introdución de normas que limitan fumar a espazos abertos onde non se molesta a ninguén. Fumadores e non fumadores saberán que, despois dunha noite de cañas, a roupa e o pelo olen como se un fose fumador. Desde que me mudei, iso non pasou nunca máis. E aínda que isto sexa unha parvada, sirva como exemplo para dicir que se ole o noso pelo o mesmo fume terá chegado ós nosos pulmóns, sexamos ou non fumadores.

Pero, como todo ten un límite, tamén aquí temos que parar o carro. Hai cinco anos, cando visitei Estocolmo, a prohibición de fumar estendíase ás casas particulares. E estou segura de que a cousa segue así. No meu caso **aluguei** un pisiño no centro da capital sueca para pasar unha semana de turista. Daquela aínda fumadora, estaba estritamente prohibido acender o cigarro dentro da casa. E as alarmas antifume colocadas en todos os cuartos quitábanme as ganas de arriscarme. Aínda que había un **frío glacial** (era decembro) para fumar un cigarro había que saír ó xardín. E non era só eu, era común ver a algún que outro fumando xusto fóra das escaleiras do portal da casa. Como digo, isto parecíame e pareceme esaxerado pois estamos a falar do espazo persoal. Dubido moito de que as nosas limitacións a fumar cheguen tan lonxe. Pero a guerra antitabaco está só a comezar, para ben ou para mal, dependendo cos ollos cos que se mire.

(P. Pousada, *Galicia Hoxe*, 15.01.2011)

**Cuestións:**

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (destacadas en negra): *barullo, hostaleiro, pub, alugar, frío glacial* (1 punto).
2. Escriba o tema do texto e faga un resumo (2 puntos).
3. Indique a que clase de palabras pertencen as seguintes formas (subliñadas): *con, o* (líña 1), *parece, rúa, min, lea, abertos, nunca, nosos, estritamente* (1 punto).
4. Conxugue o presente de indicativo e o presente de subxuntivo dos seguintes verbos: *estar, seguir, ulir, ver* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).